

SARA PINA

Sara Pina era unha muller que vivía no 1º andar do meu edificio. Eu mirábaa todos os días ao chegar do colexio. Era moi festeira e moi amable. Non facía moito ruído, aínda que ás veces discutían ela e o seu marido Chema (José María), quen tamén lle pegaba co cinto.

Coñecéranse no instituto e dende alí non se separaron. Durante un tempo foron felices, pero logo cada día que os miraba Sara estaba un pouco máis sumisa, con mouratóns. Xa non era a mesma: non socializaba, non falaba, estaba apagada. Coma se non fose ela.

O 8 de xaneiro deste ano, por desgraza, foi asasinada polo seu marido tras un enoxo por unha infidelidade del. E, tras discutir, empurrarse e berrarse, el deulle unhas cantas coiteladas e fuxiu ata Francia. Nese país foi encontrado nunha área de servizo cun coche alugado e un pasaporte falso, e detido pola policía francesa.

Despois de recollelo na fronteira, a Garda Civil levouno a un xulgado onde lle caeu unha condena de 50 anos por homicidio, e agora está no cárcere. A familia de Sara fíxolle o mellor funeral do mundo. Eu non miren a ningún vestido de negro: todo como ela quería.